



MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE "XERENCIA, XESTIÓN TÉCNICA, ADMINISTRATIVA E DE CONTROL FINANCEIRO DO PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO + BIODINÁMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA. EXPTE REF. 23-2017. OFERTA ECONÓMICA.

Sendo as 13:40 horas do día 18 de agosto de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz como Asesor Xurídico.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal
- dona Susana Penedo Souto, Técnico do Servizo de Arquitectura.
- don Manuel Angel Brea Santomé, funcionario do Servizo de contratación actuando como Secretario da mesa.

Asisten a reunión Don Marcos Rubinos, en representación da empresa 3EDATA INGENIERIA AMBIENTAL, S.L.

Procedese por parte do Presidente a apertura do sobre B (oferta económica), que arroxa o seguinte resultado:

As empresas KAIZEN EUREKA S.L. e 3EDATA INGENIERIA AMBIENTAL S.L., comprométese a execución do contrato na cantidade de 167.000 euros máis o 21% de IVE, 35.070 polo que o prezo ascende a 202.070 euros IVE incluído. Así mesmo fan constar que o Xerente adscrito á execución do contrato ten participado como xerente e/ou directivo, coas condicións esixidas, en 1 proxecto europeo a maiores do mínimo establecido como requisito de admisión e que o persoal da parte de Xestión, Técnica e Financeira adscrito á execución do contrato ten participado, coas condicións esixidas, en 3 proxectos europeos a maiores do mínimo esixido.

A Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano competente a selección das empresas KAIZEN EUREKA S.L. e 3EDATA INGENIERIA AMBIENTAL S.L., para a execución do contrato de **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE "XERENCIA, XESTIÓN TÉCNICA, ADMINISTRATIVA E DE CONTROL FINANCEIRO DO PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO + BIODINÁMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA. EXPTE REF. 23-2017**, por importe de 202.070 euros IVE, incluído.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: Acta OFERTA ECONOMICA

Asunto: acta economica

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 13:50 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

Asdo.: Xesé Manuel Cao Rei.

Asdo.: Manuel Angel Brea Santomé.